



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE MOAÑA PARA A EXECUCIÓN E MANTEMENTO DE ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS Á MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SEGURIDADE DO PARQUE DO VATICANO.

En Santiago de Compostela, a 29 de maio de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, José Juan Durán Hermida, presidente de Portos de Galicia, con domicilio a efectos deste convenio na Praza de Europa, nº 5A, 6º, de Santiago de Compostela, actuando en nome e representación deste en virtude das facultades que a tal efecto lle confiren os artigos 6.3g) da Lei 5/1994, de 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia e o artigo 9h) do Decreto 227/1995 polo que se aproba o regulamento do ente.

Doutra parte, Leticia Santos Paz, Alcaldesa Presidente do concello de Moaña, con domicilio aos efectos deste convenio en As Barxas, 36950 Moaña, e facultada para este acto en virtude das competencias que lle recoñece o artigo 21.I.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o 61.1º.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen coa capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto

EXPOÑEN

A entidade pública Portos de Galicia, dependente da Consellería do Medio Rural e do Mar, Xunta de Galicia, segundo o artigo 2 da súa lei de creación 5/1994, do 29 de novembro, ten por obxecto o proxecto, construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo e as súas futuras ampliacións. Co este fin, segue os criterios derivados da busca da modernización e mellora permanente das instalacións e servizos portuarios, a integración dos portos no contorno municipal e social, dinamizando a actividade portuaria, a relación co mar e, en xeral, o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

No artigo 3.2 da devandita lei 5/1994, dispónse que entre as súas funcións Portos de Galicia, asumirá o fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación portuaria e a construción portuaria.

Polo que, Portos de Galicia contempla, dentro dos seus obxectivos estratéxicos, favorecer a interrelación porto-cidade mediante acordos de colaboración coas diferentes administracións desenvolvendo a planificación urbanística que permita que



os cidadáns vexan aos portos como entes xeradores de desenvolvemento nun ámbito compatible coa actividade cívica, polo que está así mesmo interesado no mantemento do dito parque.

O Concello de Moaña, en base a Lei /1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, para dar cumprimento ás súas funcións de promoción e desenvolvemento de actividades para o ocio e disfrute do tempo libre dos seus cidadáns, e especialmente no referente ao dereito dos nenos ao ocio e ao xogo, está interesado no mantemento das instalacións do parque infantil existente no dominio público portuario do porto de Moaña (Parque do Vaticano).

O citado parque coñecido como o “Parque do Vaticano” atópase na zona de O Real, fonte ao porto deportivo de Moaña, entre a beirarua e o muro da propiedade adxacente, atópase en terra e sen solución de seguridade no chan dos elementos de xogo. Entre as obras a realizar valorase pavimentar con losetas de caucho reciclado e reciclable o entorno dos elementos de xogo para mellorar as condicións de seguridade do mesmo. Aproveitaríase para realizar as obras de mantemento e conservación como lixado e pintado dos distintos xogos que se atopan no parque.

O importe do presuposto de execución por contrata ascende a 21.500 euros

A este respecto, o Decreto 245/2003, do 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís, establecen as condicións que deben reunir este tipo de instalacións para garantir a seguridade dos menores usuarios das mesmas, así como as medidas de conservación e mantemento que é preciso adoptar, sendo necesario polo tanto proceder á execución das obras e á previsión dos programas de conservación e mantemento necesarias para o cumprimento da citada normativa.

Dado que os espazos portuarios constitúen unha unidade funcional que desenvolve un proxecto unitario que supón unha zona de interconexión do porto co núcleo de poboación lindante, coa función engadida de servir de solución de continuidade entre a poboación e o porto permitindo o seu uso fundamentalmente aberto ao público e ao núcleo urbano, considérase conveniente que se asine un convenio de colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de Moaña para a adopción conxuntamente das referidas medidas, de xeito que o Concello de Moaña execute as obras de adaptación necesarias no que se refire á infraestrutura do parque en aras da mellora da accesibilidade e seguridade e aborde a instalación axeitada dos elementos de xogo así como a limpeza, conservación e mantemento e, de ser o caso, mellora do parque.

Polas consideracións anteriores, as devanditas actuacións suporán un efecto positivo tanto para o propio porto como para o contorno urbano inmediato ao mesmo.

Xa que logo, as Administracións acordan regular as súas relacións no que atinxe á execución, conservación, mantemento, limpeza e mellora do citado parque infantil enclavado no dominio público portuario, formalizan o presente convenio, con arranxo as seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO.-

O obxecto do presente convenio consiste en regular a colaboración entre o Concello de Moaña e Portos de Galicia no que atinxe á adaptación do parque infantil existente no dominio público portuario do porto de Moaña ao estipulado no citado Decreto 245/2003, de 24 de abril, así como a adopción das medidas posteriores necesarias para a limpeza, mantemento e conservación no sucesivo do parque.

A execución das obras axustarase ao correspondente proxecto titulado “Memoria valorada da actuación para mellora de accesibilidade e seguridade do Parque do Vaticano, Moaña (Pontevedra)” asinado por José Manuel Carballo Moldes en setembro de 2016.

A delimitación da zona portuaria na que se executarán as obras e demais obrigas deste convenio realizase en plano adxunto que se anexa inseparablemente a este convenio.

SEGUNDA. COMPROMISOS DE PORTOS DE GALICIA.-

Portos de Galicia asume as seguintes obrigas:

1.- Autorizar a execución das obras do proxecto de referencia, podendo supervisar en calquera momento a súa execución, e de detectar desviacións ou deficiencias nas obras con respecto ao proxecto de referencia, requirirá ao Concello de Moaña para que as corrixa.

2.- Autorizará ao Concello de Moaña para a intervención nos terreos que ocupan as obras para que faga fronte ao cumprimento das obrigas derivadas deste convenio.

Nin as anteriores autorizacións, nin os pactos e as obrigas estipuladas neste convenio, supoñen alteración da titularidade ou cualificación xurídica dos bens e dereitos portuarios afectados.

TERCEIRA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE MOAÑA.-

Coa sinatura do presente convenio, o Concello de Moaña obrígase ao seguinte:

1. A licitación, execución e custo das obras definidas do referido proxecto “Memoria valorada da actuación para mellora de accesibilidade e seguridade do Parque do Vaticano, Moaña (Pontevedra)” asinado por José Manuel Carballo Moldes en setembro de 2016.

2. Así mesmo:

– Adoptar as medidas e procedementos construtivos axeitados co fin de garantir en todo momento a normal explotación portuaria, no relativo á incidencia dos traballos



no porto, en especial no referente á entrada e saída de embarcacións e dos vehículos do tráfico portuario.

- Garantir a reposición dos servizos afectados sen que se interrompa o servizo subministrado. Calquera obra de afección destes servizos deberá contar coa supervisión expresa do persoal de Portos de Galicia.

- Tomar as máximas medidas de seguridade para evitar calquera tipo de polución ou contaminación tanto na zona portuaria coma nas proximidades, quedando expresamente prohibido o vertido de residuos ao mar, debendo cumprir en cada momento coa normativa vixente nestas materias.

- Tendo en conta a natureza dos terreos da zona portuaria deberanse establecer os procedementos construtivos axeitados e medidas de seguridade co fin de evitar calquera dano as persoas, edificacións e instalacións existentes.

- Manter en bo estado o dominio público portuario, así como de mantelo en perfectas condicións de limpeza, hixiene e seguridade.

Antes do comezo das obras deberá ter lugar o replanteo das mesmas, para o que o Concello de Moaña citará a Portos de Galicia, para delimitar e definir axeitadamente sobre o terreo as actuacións en zona portuaria. No acto do replanteo concretarase sobre o terreo o trazado preciso das actuacións, que poderá ser reaxustado co fin de facelo compatible coa normal explotación portuaria, debendo ter o visto bo do Xefe da Sur de Portos de Galicia.

En caso de modificación do establecido na acta de replanteo, e previamente a calquera execución, citarase a comisión de seguimento establecida na cláusula V quen resolverá as posibles discrepancias que puideran xurdir.

En aras de preservar o dominio público portuario, Portos de Galicia poderá supervisar en calquera momento a súa execución, e de detectar desviacións ou deficiencias nas obras con respecto aos proxectos e/ou replanteo de referencia requirirá ao Concello de Moaña para que as corrixa.

Unha vez rematadas as obras, o Concello deberá remitir á Zona Sur de Portos de Galicia, planos topográficos coa situación exacta das obras realizadas, indicando as canalizacións das liñas de servizos, seccións tipo, etc.

Calquera modificación das actuacións durante a explotación das instalacións requirirá a previa autorización de Portos de Galicia.

- Manter en axeitadas condicións de limpeza e hixiene (incluíndo a reposición de elementos engadidos, danados, extraviados ou roubados), das obras realizadas.

2.- Entregar sen contraprestación, libre de cargas e gravames. as obras de referencia executadas en dominio público portuario a Portos de Galicia, quedando estas, por efecto directo deste convenio, incorporadas de pleno dereito ao dito dominio, formando parte da zona de servizo do porto de Moaña, adscrito para a súa xestión a Portos de Galicia.



3.- Así mesmo, o Concello expedirá, todos os permisos e autorizacións que fosen necesarios para a execución das obras, sen liquidación de tributo algún por parte do Concello.

A autorización condiciónase á posible modificación das características e dimensións das instalacións portuarias, de maneira que, no caso de que as mesmas se ampliaran ou modificaran e por Portos de Galicia se considerase necesario desprazar calquera das actuacións ou modificar as súas características, as obras necesarias serán executadas e aboadas polo Concello de Moaña seguindo en todo momento as directrices de Portos de Galicia. Do mesmo xeito se actuaría por interferir coa actividade portuaria e se fora necesario realizar algunha modificación na actuación. A mesma situación produciríase no caso que no Concello se levara a cabo outras actuacións que deixaran fóra de uso as instalacións, polo que correría a cargo do Concello as actuacións conducentes a súa eliminación.

O Concello asumirá así mesmo as seguintes tarefas:

- O mantemento e reposición do mobiliario urbano: bancos, papeleiras, xardineiras, fontes, cercas, etc.
- O mantemento e reposición dos distintos firmes e pavimentos, así como da sinalización, tanto verticais coma horizontais.
- Asumirá así mesmo a realización das inspeccións anuais por técnicos competentes prevista no citado Decreto.
- Asumir á súa costa e xestión o efectivo cumprimento das prohibicións de uso e acceso aplicables ás instalacións de referencia.
- Atender á súa costa e xestión calquera accidente persoal, dano material ou incidencia que se produza nas instalacións obxecto deste convenio.

4. A expedición e obtención polo Concello de toda clase de permiso, licencias e autorizacións para a execución das obras e para o cumprimento das demais obrigas deste convenio, se realizará por este e sen que poida imputarse custo algún a Portos de Galicia.

5. A entregar sen contraprestación, libre de cargas e gravames. a titularidade das obras de referencia executadas en dominio público portuario a Portos de Galicia, quedando estas, por efecto directo deste convenio, incorporadas de pleno dereito ao dito dominio público, formando parte da zona de servizo do porto de Moaña, adscrita para a súa xestión a Portos de Galicia.

A autorización condiciónase á posible modificación das características e dimensións das instalacións portuarias, de maneira que, no caso de que as mesmas se ampliaran ou modificaran e por Portos de Galicia se considerase necesario desprazar calquera das actuacións ou modificar as súas características, as obras necesarias serán executadas e aboadas polo Concello de Moaña seguindo en todo momento as directrices de Portos de Galicia. Do mesmo xeito se actuaría por interferir coa actividade portuaria e se fora necesario realizar algunha modificación na actuación. A mesma situación produciríase no caso que no Concello se levara a cabo outras actuacións que deixaran fóra de uso as instalacións, polo que correría a cargo do Concello as actuacións conducentes a súa eliminación.



CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.-

Dentro do prazo de quince días, a contar dende a data de asino deste convenio, crearase unha Comisión Mixta de seguimento e control da execución do convenio, que resolverá as controversias que puideran xurdir.

A Comisión de seguimento estará integrada por unha Presidencia, que recaerá no presidente de Portos de Galicia ou persoa na que delegue, e por catro vocais, dous nomeados polo Concello de Moaña e dous por Portos de Galicia.

A este respecto o nomeamento de Portos de Galicia no proceso construtivo recae nas seguintes persoas:

- O xefe da Área de Infraestruturas, Medio Ambiente e Seguridade
- O xefa da Zona Sur de Portos de Galicia.

O nomeamento de Portos de Galicia na fase de explotación recae nas seguintes persoas:

- O xefe da Zona Sur de Portos de Galicia.
- O xefe celador-gardapeiraos correspondente .

QUINTA. INCUMPRIMENTOS.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas polo presente convenio por unha das partes facultará á outra para interromper este.

No caso de extinción anticipada do convenio, e respecto ás actuacións en curso, a liquidación deste convenio axustarase ó que segue: remataranse as obras ornamentadas e xa iniciadas que aínda estean sen rematar. Así mesmo executaranse as obras aínda non iniciadas pero xa ornamentadas. Neste caso, a execución de todas as obras debera realizarse nos prazo de unha semana.

De calquera xeito, e de se-lo caso, o concello de Moaña antes da firma da acta de extinción por calquera causa, repoñerá o dominio público portuario nas condicións de operatividade en que lle foi entregado, en canto ó seu estado, uso e protección.

No caso de que as obras non poidan iniciarse, deban suspenderse ou desistir de todo ou parte das mesmas, por causa imputable o Concello, este aboará as indemnizacións que correspondan.

O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran suscitarse como consecuencia do mesmo.

SEXTA. RELACIÓN CONTRACTUAL

Este Convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre o persoal das partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada unha delas cumprir con cantas obrigas



legáis lle correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio. Deste xeito, a subscrición do presente convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa, indirecta ou subsidiariamente polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

SETIMA. RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS

Habida conta dos riscos que se podan derivar na utilización das instalacións para o fin a que están destinadas, será responsabilidade do Concello de Moaña responder dos danos que se deriven a terceiros polo cumprimento defectuoso das obrigas que asumen por medio de este convenio, engadindo os danos que se deriven do acceso e permanencia de terceiros nas instalacións.

OITAVA. - PUBLICIDADE.

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

En virtude co disposto no parágrafo anterior o Concello de Moaña e Portos de Galicia consente expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro dos datos relevantes referidos ao convenio.

NOVENA. -CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Os convenios, de acordo co art. 51 da Lei 40/2015 extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. A estes efectos son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados, estes prexuízos tasaranse contraditoriamente polas partes.



d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DECIMA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten carácter administrativo e todas as diferenzas que poidan xurdir entre o Concello de Moaña e Portos de Galicia en relación coas cuestións controvertidas non resoltas no seo da comisión de seguimento, someteranse ó coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa.

Este convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público sen prexuízo da aplicación dos seus principios e criterios para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O presente convenio rexeráse polas súas cláusulas, polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), pola Lei 1/2016, do 12 de febreiro de transparencia e bo goberno e pola demais normativa que resulte de aplicación

ONCEAVA. VIXENCIA DO CONVENIO.-

Este convenio entrará en vigor ó día seguinte ó da súa sinatura, estendendo a súa vixencia polo tempo máximo de 4 anos, agás unha única prórroga expresa por un máximo de 4 anos.

En todo caso, considerando un prazo necesario para que o Concello obtería utilidade das inversións de acondicionamento da zona, unha vez transcorridos dous anos, Portos de Galicia poderá desistir e abocar para si as instalacións en calquera momento cun preaviso de tres meses. Así mesmo o Concello poderá desistir transcorridos os dous primeiros anos, cun aviso previo de tres meses de antelación.

Para cumprimentar o presente convenio en todas as súas partes subscríbese por triplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados.

O PRESIDENTE DE PORTOS DE GALICIA

**A ALCALDESA-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE MOAÑA**

José Juan Durán Hermida

Leticia Santos Paz